



## **Resolución da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se aproban as bases reguladoras dunha convocatoria pública para a selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co Centro Coreográfico Galego**

A Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (DOG núm. 111 do 10.06.2008), no seu artigo 3 determina que a Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables. O artigo 5.1 da devandita Lei establece que unha das funcións da Agadic é a de promover a distribución dos produtos culturais no noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados, e, segundo o disposto no seu artigo 5.2, poderá realizar actividades comerciais e industriais e establecer calquera outra iniciativa e acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen, para o logro dos seus obxectivos.

En consonancia cos seus obxectivos e fins, o artigo 9 do Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das industrias Culturais (DOG núm. 135 do 16.07.2012), modificado polo Decreto 53/2021, do 18 de marzo (DOG núm. 64 do 07.04.2021), establece que entre as súas funcións atópanse estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autores/as, en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción, e promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados.

De acordo co disposto no seu Estatuto, entre os departamentos nos que se estrutura a Agadic atópase o Departamento de Música e Danza, ao que lle corresponde o desenvolvemento, a promoción e o fomento da música e da danza e ao que se atopa adscrito o Centro Coreográfico Galego (CCG), como centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia e para o fomento da interacción entre os/as artistas e o público.

No ano 2022, aprobouse o Plan Integral para a Danza de Galicia (PID), un documento froito dun proceso colaborativo e participativo promovido pola Xunta de Galicia, a través da Agadic, de cuxo desenvolvemento formaron parte membros das asociacións, profesionais e colectivos representativos do sector da danza e as artes do movemento e que nace co obxectivo de contribuír a fortalecer, conservar e difundir o rico ecosistema creativo da danza



en Galicia, ao tempo que se favorece a consolidación das estratexias e liñas de actuación públicas, ademais dun tecido social e empresarial sólido e dinámico. Así, a misión do PID é presentar unha serie de propostas e liñas de actuación que configuren as políticas culturais do sector da danza e das artes do movemento de Galicia nos vindeiros anos, como resultado dun proceso aberto de reflexión colectiva.

Entre as liñas estratéxicas recollidas no PID, cómpre destacar:

- Liña estratéxica 1: IMPULSO DA EXHIBICIÓN E DISTRIBUCIÓN DA DANZA E DAS ARTES DO MOVEMENTO. Esta liña estratéxica recolle todos os obxectivos, medidas e actuacións encamiñadas a dinamizar, potenciar e ampliar o campo de actuación das administracións e entidades encargadas da programación, a distribución e a exhibición en Galicia, con especial atención ao territorio galego menos densamente poboado, pero tamén co obxectivo posto na proxección exterior. Entre os obxectivos estratéxicos incluídos nesta liña atópanse impulsar a programación da danza e das artes do movemento nos espazos de exhibición de Galicia e ampliar o campo de acción do CCG, na promoción e na distribución da danza de Galicia.

- Liña estratéxica 2: FORTALECEMENTO DA CREACIÓN E PRODUCCIÓN DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO. Esta liña estratéxica centra os seus esforzos no fomento do talento e a creación, o impulso ás novas e diversas expresións artísticas e as novas formas de xerar cultura a partir da interrelación co patrimonio material e inmaterial de Galicia, o impulso ao talento emerxente, así como o papel do CCG nestes procesos. Dentro dos obxectivos estratéxicos desta liña, cómpre salientar o fomento das producións propias e as coproducións do CCG.

Tendo en conta estas liñas e obxectivos estratéxicos, dende o Departamento de Música e Danza preténdese impulsar o seu cumprimento publicando unha convocatoria a todo o sector profesional para a selección de tres proxectos innovadores no eido da danza e das artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co CCG.

Por todo o exposto e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das industrias Culturais,



## RESOLVO:

**Primeiro.** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria pública para a selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co CCG.

**Segundo.** Ordenar a publicación destas bases na páxina web da Agadic ([industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal)).

**Terceiro.** Esta resolución terá efectos dende o día seguinte ao da súa publicación na referida páxina web da Agadic.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o director da Agadic no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da súa publicación na web da Agadic, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso-administrativo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación na web da Agadic, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Jacobo Sutil Nesta  
Director  
Axencia Galega das Industrias Culturais





## ANEXO I

### **BASES REGULADORAS DUNHA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE TRES PROXECTOS DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO PARA A REALIZACIÓN DE TRES ESPECTÁCULOS EN COPRODUCCIÓN CO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO**

#### **1 Obxecto e finalidade.**

1 A Agadic, no cumprimento dos seus obxectivos e funcións, pretende favorecer a produción de danza en todas as súas linguaxes, potenciar a creación emerxente, impulsar os espectadores da danza, consolidar produtos culturais competitivos que xeren retorno e, en definitiva, a busca da excelencia nos produtos culturais galegos.

2 Estas bases teñen por obxecto determinar as condicións polas que se regulará a convocatoria pública para a selección de tres proxectos de danza e artes do movemento para a realización de tres espectáculos en coprodución co CCG.

#### **2 Procedemento e normativa reguladora.**

1 Este procedemento tramitarase por concorrencia competitiva e iniciárase de oficio coa publicación na páxina web da Agadic da correspondente convocatoria pública.

2 As solicitudes, a súa tramitación e selección axustaranse a estas bases e ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **3 Condicións para participar no proceso de selección. Modalidades de proxectos.**

1 Poderán presentar os seus proxectos as persoas físicas (autónomas) e persoas xurídicas privadas dedicadas profesionalmente á produción escénica, que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

2 As persoas candidatas, para poder ser seleccionadas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- As persoas xurídicas só poderán ser seleccionadas se teñen, social ou estatutariamente, como obxecto social a creación, desenvolvemento, produción ou organización de espectáculos de danza e artes do movemento.



- As persoas candidatas, físicas e xurídicas, deberán estar dadas de alta nalgunha das seguintes epígrafes do Imposto de Actividades Económicas, segundo o caso:

- Na epígrafe 965 (excluído o 965.5) da sección de actividades empresariais;
- Ou na división 02: área de danza da sección 3 de actividades artísticas.

- Non poderán ser candidatas as seguintes persoas:

- Aquelas nas que concorra algunha prohibición de contratar das establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- As asociacións sen ánimo de lucro, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica propia.
- Aquelas persoas que fosen adxudicatarias dunha coprodución do Centro Coreográfico Galego na convocatoria 2025-2026.

3 Cada persoa ou entidade non poderá presentar máis dun proxecto. O proxecto deberá ser orixinal e que non fose producido con anterioridade.

4 A participación neste proceso é compatible con outras axudas para o mesmo proxecto do resto da Administración da Xunta de Galicia e organismos dependentes, así como doutras administracións públicas e entidades públicas ou privadas, pero incompatible con outras convocadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais ou a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para o mesmo proxecto, coa mesma finalidade.

5 O proxectos presentados nesta convocatoria clasificaranse nunha das modalidades seguintes:

- Modalidade 1: proxectos presentados por persoas físicas ou xurídicas cunha traxectoria profesional consolidada no ámbito da danza e das artes do movemento, entendendo por tal aquelas que cumpran coas seguintes condicións, segundo corresponda:

Que teñan producido espectáculos de danza durante máis de 5 anos ou que a súa traxectoria profesional como intérpretes ou coreógrafas sexa superior a 5 anos.



Dentro desta modalidade seleccionaranse dous proxectos.

- Modalidade 2: proxectos presentados por persoas físicas ou xurídicas emerxentes no ámbito da danza e das artes do movemento, entendo como tal aquelas que cumpran coas seguintes condicións, segundo corresponda:

Que teñan producido espectáculos de danza durante menos de 5 anos ou que a súa traxectoria profesional como intérpretes ou coreógrafas sexa inferior a 5 anos.

Dentro desta modalidade seleccionarase un proxecto.

A efectos de comprobar o cumprimento das condicións esixidas en cada modalidade, a persoa solicitante deberá achegar declaración responsable indicando os espectáculos producidos ou nos que teña participado como intérprete ou coreógrafa, coa súa xustificación documental.

#### **4 Prazo de presentación de solicitudes e emenda.**

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases na páxina web de Agadic ([industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal)).

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado xenérico PR004A "Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado", dispoñible na ligazón: <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Se a solicitude ou a documentación non está debidamente cuberta, non se achega a documentación esixida ou non se reúnen os requisitos esixidos nesta convocatoria, requirirase á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto advertido ou achegue a



documentación preceptiva, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos. De non cumprir o requirimento dentro do prazo concedido, considerarase que desiste da súa solicitude.

## 5 Documentación a presentar.

As persoas candidatas deberán presentar:

**a. Solicitude de participación no procedemento (Anexo I):** deberá achegar o Anexo I debidamente cuberto e asinado, indicando a modalidade á que se presenta, a documentación que acompaña e a autorización, no seu caso, á consulta e comprobación de datos. No caso de non autorizar á comprobación de datos, deberá achegar a seguinte documentación:

- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas coa Facenda autonómica.
- Documentación acreditativa da alta na epígrafe esixida do Imposto de Actividades Económicas.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os seguintes datos incluídos no dito Anexo I, agás que a entidade solicitante se opoña á súa consulta:

- NIF ou NIE da persoa/entidade solicitante.
- NIF ou NIE da persoa representante.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo de forma expresa en dito anexo e deberán achegar esa documentación.

Xunto coa solicitude deberá achegar as declaracións de alta no IAE e as declaracións responsables sinaladas na base 3.





## b. Documentación capacidade de obrar:

b.1. No caso de persoas xurídicas, deberán achegar os estatutos e escrituras de constitución inscritos no Rexistro Mercantil, ou no que corresponda.

b.2. Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.

## c. Proxecto. Memoria explicativa do proxecto que conteña os seguintes apartados:

- Memoria de dirección.
- Ficha de produción, con indicación dos seguintes datos: título do proxecto, compañía, autoría/coreografía, dirección, equipo artístico, cronograma, espazos de creación e produción (expresado en meses) coa indicación do enderezo e localidade onde están, e data prevista para a estrea, que deberá ser no ano 2027.
- Os proxectos deben incluír unha previsión de exhibición do espectáculo no prazo máximo dun (1) ano dende a súa posible selección, incluíndo unha proposta de xira que, ademais da súa estrea, terá un mínimo de dúas representacións adicionais, das que ao menos unha deberá ser en Galicia. A estes efectos non computarán as representacións efectuadas a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
- Interese cultural e artístico e relevancia do proxecto, indicando as accións encamiñadas á creación e fomento de públicos, tales como ensaios abertos ao público, charlas co público, desenvolvemento de procesos creativos co alumnado dos conservatorios, escolas de danza ou centros de ensino, accións de formación, actividades con colectivos específicos ou outras accións de mediación que se vaian desenvolver.
- Fontes de financiamento, públicas ou privadas, para a achega dos recursos económicos necesarios que permitan cubrir o custo total do orzamento estimado do proxecto. Achegaranse cartas de compromiso debidamente acreditadas, onde conste o importe a cofinanciar ou os compromisos asumidos na coprodución.
- Aliñamento do proxecto cos obxectivos do Plan Integral para a Danza de Galicia:





- Fomento da presenza da danza e das artes do movemento en espazos non convencionais.
- Impulso da profesionalización da danza tradicional galega e da heteroxeneidade das linguaxes e artes do movemento en Galicia.
- Potencia á presenza e participación de persoas con discapacidade e favorece as actividades inclusivas no ámbito da danza. De ser o caso, deberá aportar o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade da persoa/s.
- Contribúe á visibilización da danza e artes do movemento nos medios de comunicación, para o que achegará un plan de comunicación indicando as accións que se van levar a cabo.
- Favorece a asistencia de público familiar ou xuvenil, para o que indicarán as accións que se van desenvolver.

**d. Orzamento do proxecto e plan de financiamento, segundo modelo que figura no Anexo II.** A persoa solicitante deberá presentar un orzamento do proxecto segundo o modelo do Anexo II. No punto II deste anexo deberá desagregar o plan de financiamento, no que se incluírán:

- A. O importe total dos recursos económicos propios.
- B. O importe total dos recursos económicos derivados das cartas de compromiso de financiamento doutras entidades.
- C. O importe dos recursos económicos derivados da coprodución co CCG. Neste apartado indicarase:
  - C.1: A base imponible da achega económica da Agadic, que non poderá superar o 80% do custe total do proxecto (punto I.B do anexo II) nin poderá ser superior a 14.999,00 euros. O importe deberá indicarse en letra e en números.
  - C.2: Porcentaxe que representa a base imponible (C.1) sobre o custo total do proxecto (punto I.B). O importe resultante terase en conta para aplicación dos criterios automáticos relativos ao plan de financiamento.





- C.3: Porcentaxe de IVE aplicable.
- C.4: IVE total. Resultado de multiplicar a base imponible (C.1) pola porcentaxe de IVE aplicable (C.3).
- C.5: Total. Resultado de sumar a base imponible (C.1) e o IVE total (C.4).

**e. Traxectoria profesional da persoa solicitante, segundo modelo que figura no Anexo III.** A persoa solicitante deberá acreditar documentalmente a súa traxectoria profesional segundo a modalidade á que se presenta, achegando, segundo o caso:

- Declaración responsable das pezas de danza producidas no período 2021-2025, indicando a súa ficha técnica.
- Contratos ou certificados acreditativos da participación da persoa solicitante como intérprete ou coreógrafo en espectáculos de danza e artes do movemento no período 2021-2025 e vida laboral.

Para acreditar a facturación, produción e distribución deberá achegar:

- Declaración da facturación da persoa solicitante acompañada das copias das contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou a auto liquidación do IRPF ou Imposto de Sociedades, segundo corresponda (modelo 100, 130, 131 ou 200) dos exercicios 2023 e 2024.
- Certificados dos espectáculos de danza e artes do movemento producidos nos tres últimos anos naturais.
- Certificados de actuacións ou facturas emitidas nos tres últimos anos naturais de espectáculos producidos pola persoa solicitante, indicando data e lugar de representación.

**f. Historial de premios ao mellor espectáculo, dirección/coreografía e interpretación, outorgados por institucións, feiras ou festivais de recoñecido prestixio, segundo o modelo que figura no Anexo IV.**

Deberá achegar a documentación acreditativa do historial de premios cos que conte o proxecto, entre os seguintes:



- Ao mellor espectáculo
- Á interpretación de carácter profesional
- Á dirección/coreografía

Deberá acreditarse mediante certificados das entidades outorgantes do premio ou declaracións responsables das persoas destinatarias destes.

**Considéranse intérpretes ás persoas do equipo artístico do proxecto solicitante que interveñen de forma presencial no escenario: bailarinas, músicas ou calquera que participe no desenvolvemento do espectáculo, debendo cubrirse o Anexo V para cada unha desas persoas na modalidade que corresponda.**

**g. Cartas de compromiso de adscrición do equipo artístico e creativo á execución do proxecto.** Estas cartas serán asinadas pola entidade solicitante e polas persoas que formen parte do equipo artístico e creativo (corpo de baile, dirección/coreografía, deseño de iluminación, escenografía, vestuario, composición sonora,...) coa declaración expresa de non participar en máis de dous proxectos escénicos, e indicando o convenio colectivo aplicado.

Para a determinación da actividade habitual en Galicia, deberá incluírse na carta de compromiso os traballos desenvolto nos últimos cinco anos en Galicia.

Se algunha das persoas interesadas achega a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

## 6 Notificacións.

1 As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2 De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3 De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4 As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á súa disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5 Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## 7 Comisión e criterios de valoración.

1 Para a avaliación dos proxectos constituirase unha Comisión formada por un máximo de 4 membros, de acordo coa seguinte composición:

- a. Presidencia: coordinadora do Departamento de Música e Danza.
- b. Vogais: dous profesionais do ámbito das artes escénicas galegas, designados pola Dirección da Agadic.
- c. Un/ha secretario/a, con voz e sen voto, elixido/a entre o persoal ao servizo da Agadic.



2 As persoas que compoñan a Comisión serán designadas pola Dirección da Agadic e publicarase no prazo máximo de dez (10) días desde a publicación desta resolución na páxina web da Agadic ([industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal)).

3 A Comisión axustará o seu funcionamento, ao sinalado nesta orde e ao disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

4 A condición de vogal da Comisión ten carácter persoal, non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso e declararán baixo responsabilidade que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5 A Comisión puntuará cada un dos criterios que se especifican nestas bases para cada un dos proxectos admitidos, de forma motivada, e realizará un informe/acta no que constará a puntuación acadada por cada proxecto, establecendo unha orde de prelación decrecente e elevándoo á Dirección.

## 8 Criterios de valoración.

1 A Comisión, á hora de avaliar os proxectos, terá en conta os seguintes criterios de valoración:

A puntuación total é de 70 puntos, repartidos segundo consta nas táboas que seguen:

Criterios técnicos	35 puntos
1. Memoria de dirección do proxecto. Valorarase a congruencia artística do proxecto, así como a viabilidade do mesmo, e a proposta de xira, tendo en conta o contexto xeral.	Ata 19 puntos
2. Interese cultural e artístico e relevancia do proxecto. Valorarase a orixinalidade e singularidade, aspectos innovadores, a música, as accións de mediación, etc.	Ata 8 puntos
3. Apoio doutras institucións públicas ou privadas na coprodución e financiamento, mediante cartas de compromiso debidamente acreditadas onde conste o importe a cofinanciar ou os compromisos	Ata 3 puntos



asumidos na coprodución.	
4. Aliñamento do proxecto cos obxectivos do Plan Integral para a Danza de Galicia.	Ata 5 puntos
Fomento da presenza da danza e das artes do movemento en espazos non convencionais. Valorarase que o formato do espectáculo sexa adaptable para ser representado en espazos non convencionais.	1
Impulso da profesionalización da danza tradicional galega e da heteroxeneidade das linguaxes e artes do movemento en Galicia. Valorarase a creación artística que inclúa linguaxes de danza minoritarias (facendo especial fincapé na danza tradicional galega), que fomenta a fusión de estilos, etc.	1
Potencia a presenza e participación de persoas con discapacidade e favorece as actividades inclusivas no ámbito da danza. Valorarase a presenza de persoas con discapacidade recoñecida no equipo artístico ou creativo.	1
Contribúe á visibilización da danza e artes do movemento nos medios de comunicación. Valorarase a introdución dun plan de comunicación onde se indiquen as accións que se van levar a cabo para dar visibilidade á danza e ás artes do movemento nos medios de comunicación e redes sociais.	1
Favorece a asistencia de público familiar ou xuvenil. Valorarase que a peza sexa axeitada para representar ante centros de ensino así como a existencia dunha unidade didáctica.	1

Craterios automáticos	Puntuación máxima 35 puntos
1. Plan de financiamento: recursos económicos derivados da coprodución co CCG (punto II.C.2 do anexo II).	Ata 15 puntos
Porcentaxe inferior ao 30 % sobre o custe total do proxecto, sen IVE.	15
Porcentaxe entre 31 ao 50 % sobre o custe total do proxecto, sen IVE.	10





Porcentaxe entre o 51 e o 80% sobre o custe total do proxecto, sen IVE.	5
2. Traxectoria profesional da persoa solicitante	Ata 15 puntos
Facturación media da persoa solicitante nos anos 2023 e 2024 nalgunha das epígrafes esixidas. – Máis de 20.000 euros: 5 puntos – De 8.000 a 20.000 euros: 3 puntos – Menos de 8.000 euros: 1 punto	Ata 5 puntos
Nivel de distribución. Número de funcións realizadas nos anos 2023, 2024 e 2025 de espectáculos de danza e artes do movemento producidos pola persoa solicitante. – Entre 5 e 10 funcións: 2 puntos – Entre 11 e 20 funcións: 3 puntos – Máis de 20 funcións: 5 puntos	Ata 5 puntos
Nivel de produción. Número de espectáculos de danza e artes do movemento producidos nos anos 2023, 2024 e 2025. -Ata 2 espectáculos: 2 puntos -Máis de 2 espectáculos: 5 puntos	Ata 5 puntos
3. Equipo artístico e creativo. Participación no equipo artístico ou creativo (intérprete, dirección coreográfica, deseño de iluminación, vestuario ou composición sonora) de persoas que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia.	0,5 puntos por persoa ata un máximo de 2 puntos
4.Desenvolvemento en Galicia das fases de creación ou produción do espectáculo.	0,5 puntos por cada mes, ata un máximo de 1 punto
5.Premios ao mellor espectáculo, dirección/coreografía e interpretación, outorgados por institucións, feiras ou festivais de recoñecido prestixio.	Ata 2 puntos
Ao mellor espectáculo.	0,5 puntos por cada premio, ata un máximo de 1 punto



Á interpretación de carácter profesional.	0,25 puntos por cada premio, ata un máximo de 0,5 puntos
Á dirección/coreografía.	0,25 puntos por cada premio, ata un máximo de 0,5 puntos

2 Os proxectos deberán acadar un mínimo do 18 puntos no conxunto dos criterios técnicos para poder ser avaliados polos criterios automáticos.

3 Seleccionaranse os dous proxectos da modalidade 1 e un proxecto da modalidade 2 que maior puntuación acaden segundo os criterios de valoración descritos nestas bases.

3 Para o caso de que só unha solicitude acadase a puntuación mínima esixida na modalidade 1, poderase determinar unha segunda selección na modalidade 2 de haber candidaturas que cumpran este requisito. Do mesmo xeito, se ningunha solicitude da modalidade 2 acada a puntuación mínima esixida, poderanse seleccionar os 3 proxectos de maior puntuación da modalidade 1.

## 9 Resolución e recursos.

1 Á vista da deliberación da Comisión, contida no informe en que se concrete a súa avaliación para a selección dos proxectos e recollido na acta correspondente, a persoa titular da Dirección da Agadic ditará a resolución de selección que será obxecto de publicación na páxina web [industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal) e se lle notificará ás persoas titulares dos proxectos seleccionados.

2 O prazo para ditar e notificar a resolución será de dous meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 25.1 a) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3 Unha vez notificada a resolución definitiva, as persoas seleccionadas deberán achegar toda a documentación que se lles requira e que sexa necesaria para levar a cabo a coprodución do proxecto seleccionado.





4 A resolución que se dite neste procedemento esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior é de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## 10 Condicións xerais de participación.

1 A participación neste procedemento supón a aceptación incondicional destas bases que teñen carácter administrativo. Os seus efectos réxense polo establecido no seu articulado e, no seu defecto, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

2 A Axencia Galega das Industrias Culturais reserva para si o dereito a difundir o nome e/ou imaxes da persoa polos medios e formas de comunicación que considere convenientes durante todo o tempo que considere necesario, e sen obriga de realizar ningunha compensación. Considérase que as persoas participantes prestaron o seu consentimento ao presentar os proxectos.

## 11 Obrigas derivadas da selección dun proxecto

1 Os proxectos seleccionados son vinculantes en todos os seus termos a efectos da posterior realización da coprodución co CCG e non serán susceptibles de variación. En concreto, non poderán alterarse os medios persoais que se adscriban á execución do proxecto, sen previa autorización da Agadic. O incumprimento do anterior eximirá á Agadic da coprodución do proxecto e de calquera obriga, compromiso ou responsabilidade.

2 Se a persoa titular do proxecto seleccionado non cumpre coas seguintes condicións e requisitos necesarios para coproducir coa Agadic, eximirase a esta do seu compromiso de coprodución e de calquera outra responsabilidade:

- Achegar toda a documentación que se lle requira a efectos de poder levar a cabo a tramitación do expediente administrativo para a realización da coprodución.
- Estar en posesión dos dereitos de autor do espectáculo, de forma exclusiva e excluínte, para a súa posta en escena (financiamento, produción, distribución e





promoción pública), así como do resto das autorizacións dos dereitos de propiedade intelectual que fosen necesarios para a súa representación.

- Dispor de todos os medios técnicos, materiais e persoais necesarios para a correcta execución da coprodución e das obrigas derivadas dela, así como o seu axeitado desenvolvemento.
- Cumprir coas obrigas laborais, de seguridade social e de prevención de riscos, así como as recollidas no convenio colectivo sectorial e territorial que sexa de aplicación.
- Contar cun seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra os posibles accidentes derivados da súa actuación no desenvolvemento da coprodución, subscrita con anterioridade ao seu inicio e vixente durante todo o seu período de duración.
- Atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

## 12 Coprodución dos proxectos seleccionados

A publicación e resolución desta convocatoria non dará lugar a ningún compromiso de gasto.

A posterior tramitación dos expedientes administrativos correspondentes para a coprodución dos proxectos seleccionados quedará condicionada ao cumprimento dos requisitos e condicións establecidos nestas bases por parte das persoas e entidades titulares dos proxectos seleccionados. A estes efectos, a Agadic destinará un crédito máximo de 54.447,00 euros, cun límite de 18.149,00 euros por proxecto seleccionado, dos que 14.999,00 corresponderanse co importe máximo da súa base impositiva e o importe restante coa porcentaxe de IVE aplicable a cada caso.

## 13 Información básica en materia de protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e do que se derive da realización das coproducións.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
agadic@xunta.gal / industriasulturais.xunta.gal





incluída na Guía de procedementos e servizos, nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos de identificación das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

